

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MAR**

RESOLUCIÓN do 11 de abril de 2023 pola que se autoriza o Plan de pesca de anguía para as confrarías de pescadores da ría de Ferrol, tempada 2023.

Antecedentes:

O 1 de outubro de 2010, unha vez cumpridos os requisitos fixados do Regulamento (CE) nº 1100/2007, foi aprobado por decisión da Comisión Europea o Plan nacional español de xestión da anguía e os doce plans específicos de xestión da anguía, entre eles o de Galicia.

Pola súa vez, as confrarías de pescadores de Ferrol e Barallobre, ante as medidas establecidas polo Regulamento (UE) nº 2023/194, do 30 de xaneiro de 2023, polo que se fixan para 2023 as posibilidades de pesca para determinadas poboacións de peixes aplicables en augas da Unión e, no caso dos buques pesqueiros da Unión, en determinadas augas non pertencentes á Unión, e se fixan para 2023 e 2024 tales posibilidades de pesca para determinadas poboacións de peixes de augas profundas, propoñen adoptar un plan de pesca de anguía para as confrarías de pescadores da ría de Ferrol para o período comprendido entre os meses de maio e setembro de 2023.

Fundamentos técnicos de dereito:

1. O Regulamento (UE) nº 2023/194, do 30 de xaneiro de 2023, polo que se fixan para 2023 as posibilidades de pesca para determinadas poboacións de peixes aplicables en augas da Unión e, no caso dos buques pesqueiros da Unión, en determinadas augas non pertencentes á Unión, e se fixan para 2023 e 2024 tales posibilidades de pesca para determinadas poboacións de peixes de augas profundas, establece no seu artigo 13, as medidas aplicables ás pesqueiras de anguía.

2. O artigo 13.2 do dito Regulamento (UE) nº 2023/194, establece que queda prohibido practicar actividades pesqueiras comerciais de anguía (*Anguilla anguilla*), xa sexa como especie obxectivo ou como captura accesorio, en todas as fases de vida durante un período mínimo de seis meses. Para tal efecto, a letra b) do citado punto 2, recolle que o período ou os períodos de veda durarán seis meses consecutivos ou un total de seis meses, de conformidade cos puntos 3 ou 4 do citado artigo 13.

3. O Regulamento (CE) nº 1100/2007 do Consello, do 18 de setembro de 2007, polo que se establecen medidas para a recuperación da poboación da anguía europea, establece



no seu artigo 2.4, a obrigatoriedade de establecer plans de xestión para a recuperación da especie, cuxo obxectivo é «reducir a mortalidade antropoxénica co fin de permitir, cunha elevada probabilidade, a fuga ao mar de polo menos o 40 % da biomasa de anguías europeas correspondente á mellor estimación do posible índice de fuga que se rexistrase no caso de que ningunha influencia antropoxénica incidise na poboación».

4. O artigo 2.8 do Regulamento (CE) nº 1100/2007 establece que os plans de xestión da anguía poderán incluír, entre outras, determinadas medidas como: redución da actividade pesqueira comercial, restrición da pesca deportiva, medidas de repoboación, medidas ambientais, loita contra os depredadores, medidas relativas á acuicultura.

5. A Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, establece no artigo 6 que «A política da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia terá como obxectivos en relación coa conservación e a xestión dos recursos pesqueiros e marisqueiros, entre outros, os de: 1. O establecemento e a regulación de medidas dirixidas á conservación, a xestión e a explotación responsable, racional e sustentable dos recursos mariños vivos (...)».

No Decreto 15/2011, do 28 de xaneiro, polo que se regulan as artes, aparellos, útiles, equipamentos e técnicas permitidos para a extracción profesional dos recursos mariños vivos en augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, a nasa voitirón vén regulada nos artigos 89 a 93 e a nasa anguía nos artigos 94 a 98. Segundo o establecido nos artigos 92 e 97, «o seu uso deberase facer sempre mediante plans de xestión aprobados pola consellería competente en materia de pesca marítima».

Da discusión das medidas técnicas co sector, acórdase trasladar as recomendacións mediante un plan de xestión para toda Galicia con medidas técnicas específicas para cada ría.

Polo exposto, e logo do informe técnico ao respecto, así como por proposta das confrirías de pescadores de Ferrol e de Barallobre, esta consellería

RESOLVE:

Autorizar a citada pesqueira baixo os seguintes termos e condicións:

1. Participantes.

Unicamente participarán no plan as embarcacións que teñan no seu permiso de explotación autorizada a arte de nasa voitirón ou a de nasa para anguía. Os tripulantes deberán estar debidamente enrolados e a bordo na embarcación en que desenvolven a actividade.



2. Período.

O período autorizado será desde o 1 de maio ata o 30 de setembro de 2023.

3. Horario.

a) Nasa para anguía: o uso de nasas para anguía será en horario exclusivamente diúrno.

b) Nasa voitirón: a utilización de nasas voitirón será tanto diúrna como nocturna.

As nasas poderán permanecer caladas no mar as fins de semana e non se pode levantar a arte entre as 12.00 horas do sábado e as 12.00 horas do luns seguinte.

4. Arte.

As artes que se usarán serán:

a) A nasa para anguía, segundo as seguintes características técnicas:

1ª. A nasa para anguía ten forma case cilíndrica, con dúas aberturas nas caras opostas, unha de entrada en forma de funil e outra provista de tapadeira, que serve para retirar as capturas.

2ª. A lonxitude máxima será de 670 milímetros.

3ª. A altura ou diámetro máximo será de 350 milímetros.

b) A nasa voitirón, segundo as seguintes características técnicas:

1ª. A nasa voitirón consta dunha parte central rectangular de rede, chamada parada, ao extremo da cal e perpendicularmente a ela se sitúan tres funís concéntricos de rede que desembocan nunha última cámara onde quedan atrapados os peixes.

2ª. A lonxitude máxima será de 6 metros.

3ª. A altura ou diámetro máximo será:

– Primeiro aro: alto 500 milímetros, largo 700 milímetros.



– Segundo aro: diámetro máximo 400 milímetros.

– Terceiro aro: diámetro máximo 350 milímetros.

– Cuarto aro: diámetro máximo 340 milímetros.

4ª. A dimensión de malla mínima será de 14 milímetros na parte dos funís e de 16 milímetros no da parada.

5. Número de nasas.

Con base no establecido no Plan de xestión da anguía en Galicia, ningunha embarcación poderá empregar máis de 80 nasas de anguía ou nasas de voitirón ao día, independentemente da zona de pesca.

6. Zonas de pesca.

A zona de traballo autorizada é a ría de Ferrol, segundo a carta mariña que acompaña esta resolución como anexo A.

Para evitar a morte de capturas incidentais, prohíbese que os voitiróns queden en seco, polo que cómpre ter en consideración a influencia das mareas para adecuar á zona de traballo os puntos de calado das devanditas nasas.

7. Balizamento da arte.

As artes deberán estar convenientemente balizadas segundo a normativa vixente, cunha boia nos extremos na cal irá pintado o folio e o nome do barco a que pertencen, así como o tipo de arte, neste caso coa letra N, de tal xeito que permita a súa identificación. As boias de cada embarcación serán todas da mesma cor e tamaño.

8. Especies.

As especies obxecto da captura serán a anguía e especies acompañantes, que deberán estar en época de extracción e superar a talla mínima legalmente establecida. Evitarase a captura de anguías prateadas e todas as que se capturen deberán ser devoltas ao mar para asegurar a súa reprodución. Procurarase baleirar as nasas o máis axiña posible, para evitar a mortalidade das capturas accidentais, e queda prohibido ter máis dunha cacea sen baleirar na cuberta da embarcación.



9. Punto de control e venda.

Zonas de pesca, lonxas e puntos de venda autorizados.

10. Control e seguimento da actividade pesqueira.

a) Despachos telemáticos. Deberán despachar as embarcacións na epígrafe de adhesión a plan de explotación: [«NASA ANGUÍA (30A); NASA VOITIRÓN (15F) PLAN ANGUÍA 2023 (RÍA DE FERROL)»]. Por tanto, as embarcacións que despachen a un plan de explotación só poderán faenar no mesmo día no ámbito do correspondente plan, e non poderán usar ningunha outra arte que teñan no seu permiso de explotación.

Por outra banda, advírtese que, ao remate da vixencia deste plan, se non se realiza un novo rexistro de actividade pesqueira a embarcación pasará á situación de «pendente de rexistro de actividade».

b) Remisión de datos de capturas. Con periodicidade mensual a confraría deberá remitir datos de extracción por especie, utilizando como modelo o que como anexo B se xunta, ao Servizo de Pesca da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, vía correo electrónico ao enderezo serviciopesca@xunta.gal. No caso da anguía débese indicar a procedencia das capturas: (M) as capturadas na zona marítima, (F) as capturadas na zona fluvial. A non inclusión de datos dalgunha das embarcacións no período estipulado terá como consecuencia a súa baixa definitiva do plan.

c) Mostraxes. Durante o período de vixencia do plan, técnicos da Consellería do Mar poderán realizar en calquera das embarcacións autorizadas mostraxes para control, seguimento e avaliación do plan; os armadores deben colaborar de tal xeito que se permita acadar os obxectivos propostos. A falta de colaboración neste eido ocasionará a baixa definitiva do plan.

11. Extracción e comercialización.

O exercicio da actividade extractiva e comercial establecida neste plan está sometida ao estricto cumprimento da normativa vixente en materia de extracción e comercialización de produtos da pesca fresca.

12. Infraccións e sancións.

O incumprimento das condicións establecidas neste plan poderá ser sancionado segundo o establecido na Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro.



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, ante a conselleira do Mar, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2023


A conselleira do Mar
P.D. (Orde do 21.2.2022)
Antonio Basanta Fernández
Director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica

CVE-DOG: wkafuqi2-omp1-qzj0-yaw0-nkgncvlt6eo0



ANEXO A

**Cartografía das zonas autorizadas para o Plan de pesca de anguía
para as confrarías de pescadores da ría de Ferrol
Tempada 2023**



CVE-DOG: wkafuqi2-omp1-qzj0-yaw0-nkgncvlt6eo0





ANEXO B
Declaración de capturas de embarcacións

NOME DO PLAN: _____ ANO: _____ MES: _____ HORARIO: _____

Nº CFPO	NOME DA EMBARCACIÓN	MATRÍCULA E FOLIO	T.R.B.	NASAS (1)	Nº DE TRIPULANTES	Nº DE DÍAS TRABALLADOS	ZONA DE EXTRACCIÓN (3)	ESPECIE (2)	KG

(1) Para cubrir unicamente naqueles plans en que se emprega esta arte.
(2) Cando unha embarcación capture varias especies no mesmo mes deberá cubrirse un recadro por cada especie.
(3) No caso da anguía débese indicar a procedencia das capturas: (M) as capturadas na zona marítima, (F) as capturadas na zona fluvial.